



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

www.concello-cabana.es

cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 553/2012, DO 14 DE AGOSTO.

Vista a resolución da Alcaldía 520/2012, do 6 de Agosto pola que se declaraba deserta a adxudicación do contrato para a xestión do servizo público de xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños, por non axustarse a oferta presentada pola empresa Espina&Delfín, único licitador presentado, ao disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescripcóns técnicas que rexen o contrato.

Visto que, de conformidade co artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local, o abastecemento de auga potable é un servizo básico que deben prestar, en todo caso, os municipios.

Vista a providencia de Alcaldía de data 13 de Agosto de 2012 na que se fai constar a necesidade de iniciar unha nova licitación para proceder a adxudicación do contrato para a xestión do servizo público de xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños, se motiva a tramitación urxente deste expediente e se fai constar que se seguirá o procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

Visto certificado de existencia de crédito e o informe de fiscalización do expediente.

Visto o informe de Secretaría de conformidade co establecido no artigo 110 e coa disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Visto que na sesión plenaria de data 23 de xuño de 2010 se acordaba a delegación de diversas competencias do Pleno na Alcaldía e entre elas a competencia para as contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e as concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios o orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación nº 393/2012 mediante procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público de xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños, mediante a modalidade de concesión, e convocar a súa licitación.

SEGUNDO.-Consonte co previsto no artigo 112 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, de Texto Refundido da Ley de Contratos do Sector Público, a tramitación do expediente será urxente, en base ó exposto na Providencia de Alcaldía, ó considerar que a motivación que se aduce na mema é

abondo xustificativa para levar a cabo a contratación da xestión do servizo público que nos ocupa dacordo ca citada tramitación.

TERCEIRO. Aprobar o gasto por importe de 15.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 161/479.02 para o exercicio 2012. A autorización e realización dos gastos correspondentes ás anualidades 2013 e seguintes quedará supeditada ao crédito que para cada exercicio se autorice nos respectivos orzamentos

CUARTO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerá o contrato de xestión do servizo público de xestión integral do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños mediante a modalidade de concesión, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urgente.

QUINTO . Publicar no Boletín Oficial da Provincia de a Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince días naturais os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

SEXTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o catorce de agosto de dous mil doce, diante de min, a Secretaria en funcións, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria en funcións,


Asdo: José Muíño Domínguez


Asdo: Gemma Vázquez López.